

## DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000017

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores**, día **13 de abril de 2022**, **ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

### ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

#### LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA FASE I DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN PARCIAL DO EDIFICIO DA RÚA DO TEATRO Nº 6, CONSISTENTE EN REFORZOS E REPARACIÓNS ESTRUCTURAIAS, RECUPERACIÓN E REPARACIÓN DE MUROS DE MAMPOSTERÍA, REPOSICIÓN DA GALERÍA DA FACHADA TRASEIRA EXECUTADA CON MADEIRA DE CASTAÑO E COA XEOMETRÍA EXISTENTE, E REPOSICIÓN E REHABILITACIÓN DA ESTRUCTURA DE CUBERTA, CO FIN DE GARANTIR A SEGURIDADE ESTRUCTURAL E DURABILIDADE DO EDIFICIO (2021/Y001/000198)
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE 2 PLANTAS SOTO, PLANTA BAIXA E 8 PLANTAS PARA 46 VIVENDAS PASSIVHAUS, RÚA DAS ARTES-SALVADOR VELAYOS, PARCELA D5, POLÍGONO SUR K- SANFIZ, SOLICITADA POR CESAR DORADO SL REPRESENTADA POR DON RICARDO DORADO ZAZO (2021/Y001/000064)
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA BALURO NÚMERO 4 - 6 (Expte.2021/Y001/000322)
- 4.- LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE CARPA TEMPORAL PARA EXPOSICIÓN E VENDA DE PRODUCTOS DE TEMPORADA, NA AVDA. INFANTA ELENA, NÚMERO 213, CENTRO COMERCIAL AS TERMAS, ZONA DE APARCAMENTO SOLICITADA POR LEROY MERLIN ESPAÑA S.L (2021/Y001/000310)
5. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA ROI XORDO, NÚMERO 9, (Expte: 2021/Y001/000294)

## **ACTAS E GOBERNO**

RBB/nmf

Refª: ispac5470633309018391453.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-4-2022

6. LICENZA URBANÍSTICA PARA EXECUCIÓN DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE E INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA BON XESÚS, NUMERO 6. (Expte: 2021/Y001/000292)

7. LICENZA PARA AGREGACIÓN AS PARCELAS B.5.1 E B.6 DO PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS (Expte: 2021/Y005/000017)

8. LICENZA PARA SEGREGACIÓN DAS PARCELAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS 27900A535000010000WI E 001207300PH25G0001IP SITAS EN SAN XOÁN 1 (Expte: 2021/Y005/000012)

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

#### **CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

9. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DENOMINADO ASISTENCIA TÉCNICA PARA A ELABORACIÓN, IMPLEMENTACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA "LUGO CIDADE VERDE" E DAS SÚAS ACTUACIÓNS ASOCIADAS. EXP. REF. 2021/C003/000044. DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO

#### **PERSOAL**

10. INFORME-PROPOSTA DESESTIMACIÓN RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS POR FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ EN REPRESENTACIÓN DO SINDICATO CCOO NO COMITÉ DE EMPRESA DO CONCELLO DE LUGO, DON JESÚS CANDAL RIVAS FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL E SECRETARIO DA SECCIÓN SINDICAL DE CSIF NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, E DONA MARÍA LUISA MEILAN LOMBAO FUNCIONARIA DO CONCELLO DE LUGO, CONTRA O ACORDO Nº 16/37, ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 15 DE XULLO DE 2020,

### **ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

#### **INFORMACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

11. APROBACIÓN RELACIÓN MERCADO ANTIGÜIDADES ANO 2022.

12. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 3990/2022 RELATIVO AO TRASLADO PROVISIONAL DOS POSTOS DE VENDA DO MERCADO DE ANTIGÜIDADES.

### **MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

### **ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao Secretario Xeral do Pleno, en substitución do Vicesecretario, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta.**